

CADERNO DE

Detectives da arte

2



Edita: Museo de Pontevedra
Texto, deseño e maquetación: Dpto. de Educación do Museo Pontevedra

Depósito legal: PO 184-2022

Centralita: +34 986 80 41 00
Extensións do Departamento de Educación: 42413 e 42416
Correo-e: educación.museo@depo.es
Web: museo.depo.gal

O VOCEIRO VELOZ O CORREO DO MUSEO


Pontevedra, 21 de xaneiro de 1972 · Volumen 2, número 1 · EDICIÓN ESPECIAL

ROUBO NO MUSEO DE PONTEVEDRA. RESOLVERASE O MISTERIO ALGÚN DÍA?

Esta noite o Museo de Pontevedra foi vítima dun roubo. Un malvado ladrón, aproveitando a escuridade, entrou por unha ventá mal pechada do museo e accedeu a unha das súas salas a través do montacargas.


Soamente levou un cadro, *Máscaras africanas*, do artista Arturo Souto. Aínda que apareceron diferentes pistas no lugar da desaparición, a Policía non foi quen de resolver este misterioso crime.

Desde o Departamento de Policía de Pontevedra pídese colaboración á cidadanía para atrapar este vil malandrín.



Para ser unha boa ou un bo detective
cómpre seguir catro regras básicas:

1. Fíxate ben en todo o que te rodea
2. Axúdate das cartelas
3. Observa detidamente as obras
4. Le atentamente as pistas



Sala 3.5

Pista  1

Vivo baixo da auga. Debuxoume Julio Prieto Nespereira. A miña pel parece estar feita de encaixe. En realidade non me pintaron, son un gravado. Serás quen de escribir o título do cadro?

Pista



6

Aquí está toda a familia do pintor, incluídos unha bici e un cabalo todo pintado de azul. Como se chama o artista que pintou este cadro dunha familia tan simpática?

— — — — —

Sala 3.6

Pista  4

Raias coma as dun láser, amarelas, verdes e vermellas, sobresaen dun fondo negro. Interpreta libremente o que pode representar e escribe o nome da miña pintora.



Pista 7



Podo ver letras sobre un fondo laranxa e amarelo. Vexo un L, un C e mais un N.

E así é a arte; podo crear e recrear todo o que a miña imaxinación queira expresar... Neste caso, a autora inspirouse na caligrafía e no alfabeto. Por certo, agora debes escribir o nome da artista:



Sala 3.2

Pista  **5**

Para darnos un baño precisamos da auga. Este baño non é na praia, senón nun lugar máxico.

A pista está na primeira letra do apelido deste artista.

— — — — —

Sala 3.1

Pista  **3**

Son unha escultura, porto espada e escudo.
Coma nas esculturas clásicas, vou espido.


Terás que escribir o nome do escultor.

— — — — — — — —
— — — — — — — —

Pista  **2**

Busca na sala un cartel no que se representa unha cidade galega. Cal é?

— — — —



Agora que xa temos
todas as pistas
é hora de resolver o
misterio. Como?

Na resposta a cada
pista hai unha liña
de diferente cor.
Escribe na páxina
seguinte a letra
na liña coloreada
que corresponda

Quen roubou o Cadro?

Resposta da pista 1



Resposta da pista 2



Resposta da pista 3



Resposta da pista 4



Resposta da pista 5



Resposta da pista 6



Resposta da pista 7



Lembranza

1. Xénero: recorda que cando falamos do xénero dunha obra non nos referimos a se é masculino ou feminino, senón ao tema que representa. Hai moitos xéneros na pintura pero algúns dos máis comúns son:

RETRATO, BODEGÓN e PAISAXE

2. Soporte e técnica: o soporte é o material que se emprega para facer a obra de arte. En pintura os máis comúns son o papel, o lenzo ou a madeira; en escultura, a pedra, a madeira, a escaiola ou o metal.

Por técnica referímonos ao material empregado sobre ese soporte: acuarela, óleo, pastel...

3. Arte figurativa e arte abstracta: a arte figurativa trata de imitar a realidade e as obras que se afastan dela chámanse abstractas.

